APROBACIÓN Oferta de Emprego Público 2026

Por Resolución desta Alcaldía nº 383/2026 de data 18 de novembro de 2026 acordouse aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2026. Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PUBLICO 2026
EXPEDIENTE: 2026/G003/000394

ANTECEDENTES:

Logo de ver que por acordo do Pleno desta Corporación, adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 18 de xullo de 2025, aprobouse, conxuntamente co Orzamento Municipal para o 2025, as Bases de execución, o cadro de persoal e a actualización da relación de postos de traballo desta Corporación, cuxos anuncios de aprobación foron publicados no BOP núm. 140, do 24 de xullo de 2025, e nº 163, do 28 de agosto de 2025.

Vista a Resolución desta Alcaldía, número 5/2026, de data 05/01/2026, pola que se aprobou a prórroga do Orzamento de 2025 para 2026.

Logo de ver que no Cadro e Anexo de Persoal do Orzamento municipal vixente para o 2026, que é o de 2025 prorrogado, constan vacantes, dotadas orzamentariamente e provistas na forma que se indica a continuación, as seguintes prazas:

1.- Prazas de persoal funcionario:

DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO/ SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	NÚMERO DE VACANTES
Traballador Social	A / A2	Administración Especial	Técnica	1
Operario de Servizos múltiples	Agrupacións profesionais (Grupo E Lei 30/84)	Administración Especial	Servizos especiais	1

2.- Prazas de persoal laboral

DENOMINACIÓN DO POSTO	SUBGRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	NÚMERO DE VACANTES
Tractorista	Agrupacións profesionais (Grupo E Lei 30/84)	Persoal laboral fixo	3
Condutor	Agrupacións profesionais (Grupo E Lei 30/84)	Persoal laboral fixo	1

CVD: 2YioRan9rvAXbiyZeBgD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Tendo en conta que rematados os procesos incluídos nas Ofertas de Emprego Público extraordinarias, para a estabilización do emprego temporal do Concello de Monfero, aprobadas nos anos 2021 e 2022, queda aínda pendente de cumprimento o obxectivo marcado e regulado na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de que a taxa de cobertura temporal se situase por baixo do oito por cento das prazas estruturais.

Logo de ver o indicado no artigo 20, apartado dous, punto 4, da Lei 31/2022 de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, prorrogados para 2024, 2025 e 2026, que establece:

«Cada Administración poderá autorizar, con carácter extraordinario, **unha taxa específica** que sexa necesaria para dar cumprimento do obxectivo previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de que a temporalidade no emprego público non supere o 8 por cento das prazas de natureza estrutural en cada un dos seus ámbitos, sempre que veña xustificado de acordo co instrumento de planificación plurianual co que deberá contar».

Logo de ver os Acordos alcanzados pola Mesa Xeral de Negociación dos empregados públicos deste Concello o 10 de novembro de 2026, respecto aos criterios a seguir en relación coa aprobación da Oferta de Emprego Público ordinaria de 2026, recollidos na acta da citada mesa, e, tendo en conta o recollido no documento denominado MEMORIA XUSTIFICATIVA DO INSTRUMENTO DE PLANIFICACIÓN PLURIANUAL DE RECURSOS HUMANOS, emitido pola Xefatura do Negociado de Emprego.

Tendo en conta os informes emitidos polo Negociado de Emprego e pola Secretaría-Intervención desta Corporación que constan asinados dixitalmente neste expediente electrónico, así como o disposto no artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o documento denominado MEMORIA XUSTIFICATIVA DO INSTRUMENTO DE PLANIFICACIÓN PLURIANUAL DE RECURSOS HUMANOS

SEGUNDO.- Aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello para o ano 2026, ofertando as seguintes prazas:

2.1.- Prazas de postos de persoal funcionario, TAXA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS do artigo 20, apartado tres, punto 1, da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados para 2024, 2025 e 2026:

DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO/ SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	NÚMERO DE VACANTES
Traballador Social	A2	Administración Especial	Técnica	1
Operario de Servizos múltiples	Agrupacións profesionais (Grupo E Lei 30/84)	Administración Especial	Servizos especiais	1

CVD: 2YioRan9rvAXbiyZeBgD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

2.2.- Prazas de postos de persoal laboral, TAXA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS do artigo 20, apartado dous, punto 4, da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados para 2024, 2025 e 2026:

DENOMINACIÓN DO POSTO	SUBGRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	NÚMERO DE VACANTES
Tractorista	Agrupacións profesionais (Grupo E Lei 30/84)	Persoal laboral fixo	3
Condutor	Agrupacións profesionais (Grupo E Lei 30/84)	Persoal laboral fixo	1

TERCEIRO.- Establecer, de conformidade co indicado no apartado 1 do artigo 70 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 204 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, o prazo máximo e doce meses a contar desde a publicación desta oferta de emprego, para a convocatoria dos correspondentes procesos selectivos.

CUARTO.- Que se publique anuncio informando da aprobación da Oferta de emprego público do Concello para o 2026 no taboleiro de anuncios electrónico do Concello, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Monfero, 19 de novembro de 2026. O ALCALDE en funcións Alberto Cortizas Rejo

CVD: 2YioRan9rvAXbiyZeBgD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/